

Eleccións sindicais á Xunta de persoal funcionario na provincia de Ourense

As funcionarias e os funcionarios da Xunta de Galiza en Ourense imos elixir 23 compañeiros e compañeiras que formarán parte do noso órgano de representación sindical, a Xunta de Persoal. E coa suma dos resultados de toda a Xunta de Galiza, conformarase a Mesa Xeral de Negociación ou a Comisión Superior de Persoal, onde se van discutir coa Administración materias como as retribucións, os concursos, os procesos selectivos, as RPT, etc.

Ti decides como serán as negociacións!

O que votes o 11 de abril vai marcar a liña de actuación sindical que imos ter na Administración Autonómica nos vindeiros catro anos.

A CIG presenta unha candidatura seria, formada por funcionarias e funcionarios mesturando expe-

riencia e renovación, variedade de consellerías, corpos/escalas e localidades.

En defensa dos servizos públicos

Na CIG defendemos os servizos públicos e a súa prestación directa á sociedade, combatendo a súa privatización. Defendemos a mellora progresiva das condicións laborais e de calidade de vida das empregadas e dos empregados públicos. Defendemos unha nova sociedade sen explotación económica nin opresión política.

Plantándolle cara ás imposicións da Xunta

A Xunta de Galicia está a establecer un sistema negociador de talante impositivo, prepotente e de menosprezo coa representación sindical do persoal funcionario. Podémolo ver naquelas materias que necesitan da negociación colectiva, intentando

corromper os procesos, vinculando a negociación a pactos previos, manexando interesadamente os tempos e chantaxeando coas Comisións de Seguimento, co fin de cortar a información e a participación das organizacións desconformes que non asinen.

Sempre leais na negociación, e sempre firmes

Para a CIG, o primordial non é manter unha boa relación cos que mandan. Rexeitamos converternos nunha correa de transmisión do poder, rexeitamos ser unha organización que pacta sen máis. Pero sabemos negociar e sabemos chegar a acordos.

Nós, a CIG, temos unha resposta singular, propoñemos medidas de mellora, actuamos en positivo e combatemos os recortes sen renuncias!



Xoves 11 de abril

vota



Novo edificio administrativo e mellora dos centros

Xa o tentou Fraga no ano 1999 con Ourense cara ao novo milenio, despois o bipartito con Auria Verde. No ano 2014, a Xunta de Galicia de Feijoo paraliza o proxecto do edificio administrativo nos terreos do campo de fútbol do Couto.

En novembro de 2018, Feijoo retoma a idea de acometer un edificio singular para albergar todos os servizos administrativos que presta a Xunta de Galicia en Ourense.

Agora mesmo, o que temos é un edificio administrativo plural. Os traballadores estamos espallados en máis de vinte centros administrativos por toda a cidade. Todos con moitas carencias e deficiencias: locais sen luz natural, problemas de climatización, falta de espazo, humidades, vertidos, síndrome de edificio enfermo, falta de medidas de emerxencia, problemas de radon...

Edificios que, ademais, incumpren a lei de accesibilidade universal. Ao que hai que sumarlle a ausencia de servizos, coma unha escola infantil onde os traballadores poidan levar os seus fillos, unha aula de formación en condicións, etc.

Cómpre un centro de atención aos cidadáns no que estes poidan presentar solicitudes, escritos e comunicacións, informarse acerca dos servizos ofertados, ou recibiren asistencia no uso de medios electrónicos os interesados que así o soliciten (tal como obriga a Lei 39/2015).

Será este outro proxecto condenado ao fracaso como o de Manuel Fraga? Ou máis fume electoral coma o parque acuático?

Desde a CIG reclamamos á Xunta de Feijoo un proxecto de edificio real, céntrico, operativo e funcional que remate co agravio comparativo respecto ás outras provincias.

Centros de traballo con condicións pésimas

No resto de centros de traballo que a Xunta ten nas localidades da provincia de Ourense, a situación incluso é peor.

Nestes últimos catro anos, temos denunciado todo tipo de irregularidades e problemas nos centros de traballo. Algúns básicos, coma extintores sen a revisión feita, falta da material nas caixas de urxencia ou



iluminación insuficiente. Outros moi graves, como cando denunciámos o estado insalubre que presentaba o Servizo de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social de Ourense, tras a rotura dun cano de augas residuais.

Os problemas dos centros son moitos e moi variados: aseos que non funcionan e con cheiros, problemas de climatización, falta de accesibilidade, etc.

Na CIG seguiremos loitando para que todos os empregados poidan traballar en centros de traballo dignos e con condicións axeitadas.

A quen lle interesa que non haxa concurso de traslados?

As cousas non están claras: o concurso de traslados de corpos xerais leva máis dun ano adiándose, do de corpos especiais nin se fala e moito menos do concurso de traslados permanente. Por que?

A CIG vén reclamando concursos dinámicos e continuos dende sempre, pero incluso a finais de 2018 denunciámos as comisións de servizo ilegais no xulgado, das que contabilizamos máis de 350 na Xunta de Galicia, para forzarmos a inmediata convocatoria do concur-

so de traslados que limpase estas manobras.

Lonxe diso, ampliáronse as comisións e nada se sabe do concurso. Mentres, a Xunta aprobou un decreto de mobilidade polo que crea os concursos específicos e a funcionarización.

O día 27 de marzo, función pública remitiu por sorpresa un novo borrador do Concurso Xeral. Chama a atención que este borrador aínda non está adaptado ao punto noveno da sección terceira do "Acordo de concertación".

Gas radon

O gas radon é causante do 25% dos cancros de pulmón, entre outros efectos graves na saúde. Non se ten feito un estudo epidemiolóxico do persoal da administración pública para determinar o alcance actual e a valoración no seu caso de enfermidade profesional ou accidente laboral.

A Xunta de Galicia en Ourense non realiza medicións do canceríxeno radon, a pesar de ter sido reclamado polos delegados e polas delegadas da CIG en numerosas ocasións.

Iremos aos xulgados para reclamar responsabilidades penais por non protexer aos traballadores afectados.

Melloras na xubilación

A CIG solicita

a xubilación parcial para todos

As seccións sindicais da CIG das cinco Xuntas de Persoal funcionario da Xunta presentamos o 23 de xaneiro de 2019 un escrito dirixido ao Presidente do Consello Xeral da Seguridade Social, no que demandamos o recoñecemento do dereito á xubilación parcial para todos os empregados públicos.

A CIG insta a incluír o dereito na normativa sobre pensións e nos presupostos xerais do estado

Solicitamos a modificación da reforma feita no ano 2011, que eliminou o dereito á xubilación parcial aos 61 anos, como existía até o 31 de decembro, agravando a perda de dereitos co atraso da xubilación até os 67 anos. A CIG foi a única que mostrou o seu rexeitamento a esa reforma, que foi apoiada por Comisións Obreiras e a UXT, e mesmo convocou unha folga xeral en contra.

Xunto a isto, incluímos a demanda de que a lexislación neste ano 2019 desenvolva a normativa sobre a xubilación parcial das persoas funcionarias e da xubilación anticipada para determinados colectivos que desenvolven o seu labor en condicións penosas, perigosas ou baixo especial presión psicolóxica, como xa prevía o Estatuto Básico do Empregado Público, do ano 2007.

Dereito do persoal empregado público

O fundamental é o recoñecemento do dereito á xubilación parcial coma un dereito subxectivo, con independencia da rela-

ción xurídica do persoal, co que se ampliará o recoñecemento. Por iso, reclamamos ao Director do Consello Xeral da Seguridade Social en Madrid que promova o cambio lexislativo necesario.

No marco desta campaña, a CIG presentou escritos á Ministra de Traballo e levou a proposta á Mesa Xeral de Empregados/as Públicos/as de Galicia e de Madrid, ao conselleiro de Facenda e ao Director Xeral de Función Pública.

A CIG-Administración é, unha vez máis, a primeira organización que defende o persoal funcionario nos seus dereitos obviados por outros, promovendo a aprobación desta reclamación nas Xuntas de Persoal.

Coa CIG somos máis fortes!

Defendemos a recuperación dos dereitos de xubilación para todos!

Derrogación da reforma das pensións

Na CIG seguimos na loita para forzar o Goberno a derrogar a reforma das pensións.

Tamén pedimos a supresión do factor de sustentabilidade; a fixación por lei da pensión mínima igual ao Salario Mínimo Interprofesional (60% do salario medio) e a revalorización anual como mínimo co IPC; e o traspaso á administración galega da competencia de xestión do réxime económico da Seguridade Social prevista no Estatuto de Autonomía.

Polo futuro da provincia de Ourense

Témolo claro: non nos rendemos. Queremos unha provincia con futuro, con emprego que asente a poboación nova e reverta o acelerado avellentamento. Ao tempo, cómpre unha boa rede asistencial para os nosos maiores e uns servizos públicos suficientes e de calidade para a nosa provincia.

Contra o desmantelamento dos Servizos Públicos

O peche de escolas infantís e de primaria ou de liñas enteiras de secundaria, a desaparición dos servizos de dinamización e formación das Oficinas Agrarias Comarcais (privatización) e a redución de persoal en xeral son mostra do pouco interese que para a Xunta de Galicia ten a nosa provincia. Eliminan postos e aparecen empresas.

Nos últimos catro anos desapareceu en Galicia máis do 25% dos empregados públicos vinculados ao rural e calculamos que aquí poden ser aínda máis. Como exemplos: amortízanse ou non se cobren as prazas e incluso establécense itinerancias para persoal con funcións inspectoras; seguen a encomendar a empresas externas servizos coma os de arqueólogos de patrimonio, que sen disimulo extraen expedientes mentres botan o noso persoal á rúa; péchanse rexistros e mesmo oficinas no verán por non cubrir vacacións ou vacantes; créanse prazas de axentes que son necesarias no parque das Illas Atlánticas mentres non teñen problema en amortizaren a única praza do parque da Serra da Enciña da Lastra na Rúa...

Dende a CIG loitamos por cada posto, por cada servizo, pero necesitamos unha Xunta de Persoal funcionario que defenda os intereses dos seus empregados.

Ourense necesita unha Xunta de Persoal activa, dinámica e que defenda sen complexos nin ataduras políticas os servizos públicos de calidade.

Ourense necesita o teu voto, vota CIG!

Candidatura da CIG á Xunta de Persoal de Ourense

- | | | | | | |
|----|----------------------------|----|---------------------------------|----|-------------------------------|
| 1 | María Lourdes Morales Cid | 20 | Raquel Carreira Fernández | 39 | Mónica Rodríguez Pereira |
| 2 | Zeltia Burgos Tortosa | 21 | Xulio Xosé Conde Blanco | 40 | Isabel Gacio Pacios |
| 3 | Xurxo Nóvoa Rey | 22 | Antonio Rey-Stolle Valcarce | 41 | José Antonio Castro Castro |
| 4 | José María Martínez Penedo | 23 | María Elvira Fernández Doval | 42 | Ovidio Veloso Montero |
| 5 | José Ángel Ares Gómez | 24 | Raquel Fernández Alonso | 43 | Antonia Alejos González |
| 6 | Mónica González Couso | 25 | Jaime Moya Gil | 44 | Xulio Mojón Fuentes |
| 7 | Amancio Bruquet Álvarez | 26 | Manuel Ferro Rodríguez | 45 | Enrique Dorado Fernández |
| 8 | Antonio Gavela Gesto | 27 | María Avelina Hernández Álvarez | 46 | María del Mar Silva Sayans |
| 9 | Susana García Rodríguez | 28 | Fernando Moure Ganete | 47 | Javier Carreño Seoane |
| 10 | Domingo Neira Martínez | 29 | Raquel Vázquez López | 48 | Secundino Fernández Fernández |
| 11 | Alfonso Diz Diéguez | 30 | Nuria Rodríguez Rodríguez | 49 | Carlos Antonio Álvarez Castro |
| 12 | Silvia Pazo Fernández | 31 | Amable Vicente Oves | 50 | María José Comesaña Casal |
| 13 | Lucía Salve Bouzo | 32 | Andrés Gea Martínez | 51 | Jorge Gamallo Santos |
| 14 | Eloy Vázquez Pérez | 33 | Aurora Álvarez Pérez | 52 | Jesús Romanos Castiñeira |
| 15 | Javier Conde Álvarez | 34 | Purificación González Cougil | 53 | Rosa Mari Lamas Casado |
| 16 | Ana María Benito Galán | 35 | Marco A. Coímbra Cividanes | 54 | Marco Antonio Reboredo Blanco |
| 17 | Xosé Diz Romay | 36 | Castor Vello Viéitez | 55 | Rubén Perdiz Álvarez |
| 18 | María Yolanda Gómez Feijoo | 37 | Carlos José Rafael Ramos | 56 | Francisco Blanco Sánchez |
| 19 | Manuel Casasnovas Calvo | 38 | José Antonio Quintas Rodríguez | 57 | Francisco Carballo Benito |

Agradecemos a todos os integrantes da candidatura por acompañarnos na defensa do persoal funcionario, da súa independencia e imparcialidade, garantes duns servizos públicos de calidade.

COA CIG SOMOS MÁIS FORTES

Vota



Máis información e novas sobre as eleccións en: i.gal/vota